

MESTRADO UNIVERSITARIO DE PSICOPEDAGOXÍA

ACTO DE DEFENSA DO TFM

1. O/a Presidente/a: será o responsable da organización e funcionamento de todo o proceso (orde de exposición do alumnado, orde de intervención dos membros do tribunal, etc.)
2. O/a Secretario/a do tribunal comprobará que o/a alumno/a superou cunha avaliación positiva todas as materias que conforman o plan de estudos. Así mesmo, tomará nota dos DNI do alumnado a avaliar para incluír posteriormente no Informe de Avaliación que emita o Tribunal.
3. O Alumnado:
 - a. Presentarase á hora indicada e agardará a ser chamado/a polo/a secretario/a do tribunal¹. A defensa realizarase na mesma orde que figura na convocatoria, salvo que o presidente estableza outro criterio. No momento da presentación o alumnado debe levar consigo a seguinte documentación:
 - a) DNI ou pasaporte.
 - b) Copia do expediente académico extraído da Secretaría Virtual
 - b. Disporá dun tempo máximo de 15 minutos para expoñer o seu traballo. Rematada a exposición os membros do tribunal formularán as preguntas ou observacións que serán respostadas polo alumno/a. O presidente do tribunal pode fixar os tempos de intervención nesta fase.
 - c. Poderá utilizar canto material fose preciso para a exposición. O tribunal poderá realizar as preguntas, pedir as aclaracións e/ou formular as suxestións que considere oportunas, así como debater co/a alumno/a os aspectos do TFM que estime oportunos.

¹ Se por motivos debidamente xustificadas un alumno/a prevé que non pode presentarse na hora prevista, solicitará autorización ao coordinador/a do Mestrado para presentarse e facer a súa defensa no último lugar. O coordinador/a informará ao secretario do Tribunal da autorización, si é o caso.

